



## ANUNCIO

### **Ref. EXPTE. C34/13: DACIÓN CONTA R.A. DE APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN SUBMINISTRO VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 20 de Decembro de 2013, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, toma coñecemento da Resolución adoptada pola Alcaldía-Presidencia deste Concello o 13 de decembro de 2013, que se transcribe dun xeito literal:

“ Asunto.- Aprobación expediente contratación, polo procedemento aberto e tramitación urgente, do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de varios vehículos para a prestación do servizo da Policía Local.

#### Antecedentes

- 1.- Mediante providencia de alcaldía de 03.12.13 iniciouse procedemento aberto de contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de dous “turismos equipados” para o servizo municipal de “Policía Local”, por mor da declaración de deserto do lote B no procedemento de contratación (rf. S/C32-13) do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de varios vehículos para a súa adscripción a varias delegacións de área do concello de Bueu contida na resolución de alcaldía de 29.11.13
- 2.- Na citada resolución de Alcaldía de 29.11.13 ordenabase convocar un novo procedemento aberto para a contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de dous vehículos para o servizo da Policía Local do concello de Bueu, por tramitación urgente
- 3.- A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 22 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, resulta do informado polo Xefe accidental da Policía local, no seu informe de 15.10.2013, baseado principalmente na insuficiencia do parque móbil da Policía local tal e como quedaba xustificado no expediente coa ref. S/C32.13
- 4.- Consta no expediente administrativo os estudos previos para o subministro de referencia elaborado pola asistencia técnica Lagares Oca, SL con data de novembro de 2013, que contén o estudo económico-financieiro co desglose dos prezos unitarios, do orzamento parcial e total da licitación, e os pregos de cláusulas técnicas
- 5.- Constan informes favorables da Secretaria e do Interventor municipal de data 10 e 13 de decembro de 2013
- 6.- A avogación da delegación efectuada, mediante resolución de alcaldía de 14.06.11, en favor da Xunta de Goberno Local, en materia de contratación administrativa queda xustificada na demora da adxudicación do suministro obxecto do contrato derivada da declaración de deserto contida na resolución de alcaldía de 29.11.2013 que obriga a unha nova licitación que xenera novamente retraso no devandito

#### Consideracións legais e técnicas

- 1.- Respecto á natureza e réxime xurídico do contrato é de aplicación o disposto nos arts. 9 e 290 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14.11, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- 2.- No que respecta ao procedemento de contratación é de aplicación o disposto nos arts. 138, 157 e seguintes do TRLCSP
- 3.- No que respecta á tramitación urgente do expediente é de aplicación o art. 112 do TRLCSP e respecto á tramitación anticipada e de aplicación o art. 174 do Real decreto legislativo 2/2004,



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

de 05/05, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o 79 e seguintes do Real decreto 500/90.-

4.- En canto á xustificación da urxencia é de aplicación o art. 57 da lei 4/2007, de 20/4, de coordinación de Policias locais de Galicia

5.- No que respecta a avogación da delegación efectuada en favor da Xunta de Goberno local mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11), é de aplicación o artigo 13 e 14 da Lei 30/1992 de 30 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC).

Considerando os feitos relacionados no presente acto, en aplicación das consideracións legais e técnicas sinaladas no mesmo e no exercizo das atribucións recoñecidas no apartado 3º do citado art. 61 do TRLCSP, por remisión da Disposición adicional 2ª do mesmo, pola presente

#### RESOLVO:

1º.- Avogar, para este acto, a delegación efectuada en favor da Xunta de Goberno local mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11), en materia de contratación administrativa

2º.- Formular declaración de urxencia na tramitación do expediente de contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de dous vehículos para o servizo da Policía Local do concello de Bueu motivada na necesidade urxente e inaplazable de dotar ao servizo municipal da Policía local dos medios materiais necesarios para o exercizo da súas funcións públicas e para a atención axeitada á cidadanía

3º.- Aprobar o expediente de contratación do suministro de varios vehículos para a prestación do servizo da policía local mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adjudicación e tramitación urxente establecéndose o pago mediante arrendamento financeiro con opción de compra durante o prazo de corenta e oito (48) mensualidades cun valor estimado total de 57785,26 € sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 12134,90 €.

4º.- Aprobar o gasto plurianual correspondente por importe de de 57785,26 € sen IVE, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 12134,90 €, imputable á partida 130.35800 e 130.64800 do orzamento vixente, que supón a contratación do devandito suministro quedando subordinada e condicionada a autorización ou realización dos gastos á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercizos correspondentes para financiar as obrigas derivadas do contrato. Neste senso, aprobábase expresamente o compromiso de consignar nos exercicios correspondentes ás anualidades de 2014, 2015, 2016 e 2017 o crédito necesario para facer fronte ao gasto que derive da celebración do contrato que correspondan cada ano, coas limitacións que se determinen nas normas presupuestarias aplicables ao respecto, en cada momento, ás Entidades Locales.

5º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e dispor a apertura do procedemento aberto de contratación con pluralidade de criterios de adjudicación e tramitación urxente, sometendo dito expediente, xuntamente co pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas a exposición pública ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante da web municipal, no taboleiro de anuncios e no B.O.P de Pontevedra

6º.- Dar conta da presente resolución á Xunta de goberno local na seguinte sesión que celebre e á Intervención municipal para o seu coñecimento e efectos.

En Bueu a 10 de Xaneiro de 2014

O ALCALDE,



**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

**Asdo. Félix Juncal Novas**